

Arredor dunha lenda da Costa da Morte artella X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) esta novela que mestura dous mundos unidos polo amor incondicional imposible de reemplazar.

O trobador Buserán e a fermosa Florinda viviran unha fermosa e intensa historia de amor, aínda que dramática polo tráxico do seu final, oitocentos anos antes de que Ramón, outro personaxe que coñece ben que é o amor e que sabe tamén o que é perde-lo, atopase a caveira que pode conseguir que os dous amantes fiquen xuntos para sempre. A tarefa de Ramón, tras a lóxica incredulidade inicial, será unilos e algo que semella tan incrible convértese no fío

Altamente recomendable

Da sensibilidade dos diálogos

PAULA FERNÁNDEZ



argumental desta historia ambientada en Muxía, na que os mariñeiros, o mar, as furnas, as gaivotas e o todo máxico vinculado a ela acadan unha importancia moi salienteble e imprescindible. Sen ese espazo sería imposible a recreación da historia. O autor mediou todos os detalles que a nosa tradición proporciona e convérteunos en símbolos nos momentos axeitados,

de maneira que remata construíndo unha novela de aprendizaxe completa con personaxes redondos aos que imos coñecendo pasenxo segundo se van desenvolvendo os feitos.

A lectura vólvese algo apaixonante cando Ramón comeza a súa primeira conversa co vagabundo Buserán e mantén esta tensión até o final. O ton que lle dá o autor, melancólico e romántico ás veces, e a sensibilidade dos diálogos, á beira dun xeito de narrar ameno, o de quen controla os tempos e os momentos para o clímax, fan desta unha novela altamente recomendable, e non só para adolescentes.

RIVADULLA CORCÓN,
X.H., *O noso amor será eterno*, Ed. Xerais, Vigo,
2011, PVP 11 €